






Tres pasos polo misterio

Agustín Fernández Paz

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *Tres pasos polo misterio*
Autor: Agustín Fernández Paz
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 216
ISBN: 84-9782-105-X



O AUTOR

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Pode considerarse un dos máximos expoñentes da actual literatura infantil e xuvenil galega. Conta cunha produción ampla e variada, tanto en narración curta como en novela, e moitos dos seus libros están traducidos a outras linguas.

Acadou premios de gran prestixio neste campo como o Merlín 1989 por *As flores radioactivas*, o Edebé 1994 con *Trece anos de Branca*, o Lazarillo 1990 con *Contos por palabras*, o Premio Rañolas 1995 por *Cartas de inverno*, o Premio Raíña Lupa 1998 por *Cos pés no aire* e o Premio Barco de Vapor 2003 por *O meu nome é Skywalker*. Formou parte da Lista de Honor de IBBY e da Lista de Honor da CCEI en máis dunha ocasión e foi finalista do premio Nacional de Literatura Infantil. Por segunda vez gaña o premio Edebé, esta vez na modalidade infantil con *A escola dos piratas*.

Nado na Terra Chá en 1947, traballa na comarca de Ferrol e, posteriormente, en Vigo, no campo do ensino, tanto en primaria como en secundaria, destacando o seu labor á fronte de movementos de renovación pedagóxica como Avantar e Nova Escola Galega.

Estudoso da literatura infantil e xuvenil galega, así coma do cómic, influíu na divulgación e prestixio destes campos.

Tampouco debemos esquecer a súa achega na galeguización educativa.



O LIBRO

Está constituído por tres relatos que pertencen ao xénero de misterio. Dous deles xa foran publicados anteriormente: «A serpe de pedra» en *Contos do Museo* en edición do Museo de Lugo, e «As sombras do faro» no volume *Contos para calquera lugar*.

NO PRIMEIRO, «A serpe de pedra», faise un achegamento ao terror a partir da arqueoloxía e o museo. Un arqueólogo que traballa no Museo de Lugo cóntanos o que sucede a raíz da escavación na que descobre unha serpe de pedra que se expón no museo. A aparición de estraños

visitantes que pasan horas diante da escultura e de rastros de movemento e animais devorados preto dela, nas noites de lúa chea, fan que o protagonista quede unha noite espiando e descubra o horrible poder das forzas ocultas. A raíz disto terá que ser internado nun psiquiátrico e alí irá redactando esta historia e adiantando o que cre vai suceder inmediateamente.

O SEGUNDO, «A vella foto das estrelas», está situado no Camiño de Santiago e relaciónase cos contos de aparecidos. Unha adolescente vese obrigada a facer o Camiño cos pais. Está molesta co mundo e con esa situación á que ten que adaptarse sen poder opinar, pero o malhumor cambiará conforme camiñe ao aire libre e se cansa fisicamente. Unha noite na que sae ao campo para non asistir ao parladoiro dos vellos atoparase cun rapaz da súa idade que lle fala das estrelas e a foto que delas vemos. Logo descubrirá que o que atopara nese encontro tamén era unha especie de foto vella.


NO TERCEIRO, «As sombras do faro», recóbrase a memoria dos asasinados na Guerra Civil que non tiveron nin sequera o dereito a ser lembrados. O protagonista cóntanos a súa relación cunha vila e, sobre todo, cun lugar enigmático que se atreveu a visitar a pesar de ser tabú para todos os da poboación. De todos xeitos, non respectar a prohibición traerlle consecuencias. Os «paseados» na Guerra Civil como telón de fondo dunha historia de misterio. A memoria deses republicanos e o empeño por esquecelos dunha maneira ou outra. Nun curto espazo de tempo podemos observar a evolución da sociedade en torno a este feito: das décadas de ocultamento baixo un veto implícito, unha breve iluminación cando unha investigadora saca á luz e aos medios de comunicación o foso común dos asasinados, e, o silencio, de novo, tras as asépticas e limpas urbanizacións que rodean un parque e museo onde non se cita o sucedido na Guerra Civil.



TEMAS E VALORES

3

- O terror. Aquilo que por incompreensible nos asusta.
- As realidades misteriosas que forman parte da realidade.
- O megalitismo, a arqueoloxía, os vestixios do pasado para os que non temos aínda explicación.
- O mundo dos defuntos, o chamado outro mundo, está presente na tradición popular galega, e o traspaso entre un e outro, o dos vivos e o dos mortos, acontece de vez en cando, cando «aparecen» os mortos ou o fai a santa compañía.
- Recuperación da memoria histórica. Neste país no que se ocultou toda esa etapa vergonzosa, igual que se ocultou a propia historia de Galicia durante os longos anos da Ditadura, haberá que ver a necesidade ou non de sacala á luz, tal e como se está a facer nos países sometidos a ditaduras en Latinoamérica, ás veces coa axudas dos xuíces españois.
- Indiferenza ante a inxustiza. Ninguén quere lembrar o que sucedeu porque aínda que eles non fixesen mal consentírono, non ergueron a voz nin estiveron dispostos a facer xustiza. Lembremos a frase de Martin Luther King na que se fala de como os indiferentes son tan perigosos ou máis ca os malvados porque estes actúan baixo o seu paraugas.
- A Guerra Civil deixou pegada en moitas vilas de Galicia, onde as vítimas deberon sobrevivir sen os seus e sen dereito nin a lembralos, mentres os vencedores, que foran os golpistas, nunca tiveron que dar conta dos atropelos que cometeran. Así sucedeu durante toda a ditadura (1936-1939 / 1975); só despois foi saíndo algo á luz... pero moi pouco pola distancia dos feitos.



ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- Tentaremos adiantar o contido do libro en base ao título e á información que aparece nas capas.
- Observemos a imaxe da cuberta de Miguelanxo Prado: corvo e ruínas sobre a rocha... ¿Que nos suxire? Opinemos e escribamos un texto en base a esta imaxe.
- Realizaremos unha posta en común na que poderemos intercambiar información acerca do autor e outras obras que xa lésemos del.

AO LONGO DA LECTURA:

«A SERPE DE PEDRA»

- Comeza cunha cita de Méndez Ferrín, do seu libro *Estirpe*. Isto levaranos a comentar a cita e tamén a acudir ao libro, así como a buscar datos sobre o seu autor.
- Pensemos cal é a persoa narrativa e a importancia disto no desenvolvemento do relato.
- «Hoxe sei que a carón de nós existen outras realidades que permanecen ocultas desde hai milleiros de anos, agardando o día en que poidan por fin saír á luz». Este pode ser un bo comezo para unha narración de misterio. Probemos a escribila.
- Observemos as connotacións que ten a serpe a nivel cultural: xente á que lle dá verdadeiro pánico, nas imaxes relixiosas aparece pisada pola Virxe, representa o principio e fin ao morder a cola, imaxe do veneno e a medicina... Sigamos.
- Busquemos información sobre as serpes na mitoloxía. Indaguemos a relación con elas da Medusa e a Gorgona.
- Aparecen referencias a monumentos prehistóricos como cromlech e dolmens, a lugares nos que quedan estes restos como Carnac e Stonehenge, e tamén a nomes que forman parte da nómina de arqueólogos galegos como Florentino López Cuevillas e Fermín Bouza Brey. Podemos distribuírnos en equipos e buscar datos acerca de cada un deles.
- No texto tamén se fai referencia á imprenta Nós. Vexamos qué máis atopamos con ese nome e a que responde.
- A lectura desta narración é unha boa ocasión para achegarnos ao Museo Provincial de Lugo. Podemos facelo de maneira real, virtual –a través da rede– ou documentándonos por medios bibliográficos. De calquera das maneiras poderemos facernos idea de todo o que alí se atopa e anotalo.
- O primeiro dos capítulos sitúase no momento actual do protagonista, pero a partir do segundo asistimos a un *flash-back* a través do que nos narra todo o sucedido desde o principio da historia. Se quixeses realizar unha película baseándote neste relato, ¿como a estruturarías?

- Esta pode ser unha boa ocasión para repasar as culturas prerromanas en Galicia, a cultura megalítica e os restos desta época que hai no contorno.
- Este tipo de vestixios: dolmens, mámoas, castros, petróglifos... adoitan aparecer vencellados a lendas de mouros e tesouros. Busquemos algunha.
- A ofiolatría consiste no culto ás serpes. Pensemos noutros animais aos que tamén se lles rende ou rendeu culto.
- Todo parece estar cheo de símbolos: a forma circular das mámoas que podería ser unha homenaxe ao sol, así coma o feito de que colocasen os corpos dos mortos mirando cara ao leste; fálase do sol como símbolo de inmortalidade, pois morre cada día e nace ao seguinte, igual que a serpe que renace cada vez que muda a súa pel. Podemos desenvolver a nosa capacidade de relación simbólica e plasmala nunha redacción na que vaiamos asociando diferentes elementos en base a unha simboloxía.
- No texto aparecen unha serie de referencias nas que podemos deternos para comentalas ou buscar información: o xornal *El Progreso*, películas de Hollywood, a escultura de San Francisco realizada por Asorey, Hotel Méndez Núñez en Lugo, o Alentejo portugués...
- ¿O terror está na relación entre os vestixios do pasado e unha seita de adoradores de forzas ocultas? ¿Na perda de xuízo do protagonista? ¿No medo de saber o que vai ocorrer e non poder facer nada por evitalo? ¿Na culpabilidade por desentrañar algo indebido?... Opinemos.
- Dise que o cristianismo ergueu igrexas e santuarios en lugares que xa anteriormente foran considerados sagrados por outras relixións; desa maneira asimilou eses espazos de intenso magnetismo. Indaguemos acerca disto.
- Busquemos o libro *Relatos do museo* e leamos todos os relatos. Escribamos unha nova narración baixo ese título que lla dá nome ao libro.

«A VELLA FOTO DAS ESTRELAS»

- A cita de Juan Rulfo conduciranos a este autor latinomaricano e aos seus libros.
- Os capítulos non teñen título, polo que llo poderemos poñer unha vez lido cada un deles, a modo de resumo.
- Igual que no relato anterior, a protagonista escribe o que lle sucedeu, pero as razóns que a levan a facelo non son as mesmas. Expliquémolas.
- «Tocaches o misterio coa punta dos dedos», díxolle seu pai cando llo contou. Seguro que cada un de nós nos achegamos tamén algunha vez. Narrémolo.
- É posible que tamén nos atopásemos con «datas que sinalan na vida un antes e un despois». Contémolo oralmente ou por escrito.
- A protagonista define o Camiño de Santiago como «paranoia colectiva con milagre». ¿Como o definirías ti?
- Observemos referencias que aparecen no texto como o Coronel Tapioca, o Machu Pichu, Robinson Crusoe, Watchmer... Expliquemos que sabemos acerca disto.
- Do relato podemos recoller os nomes de lugares polos que pasan na viaxe. Situémolos nun mapa de Galicia.

- ¿Seremos quen de atopar algún dato histórico?
- O que máis lle impressiona á protagonista, cando chega ás montañas, é o ceo sen límites e o silencio. Tenta lembrar a impresión que che produciu a montaña a primeira vez que accedeches a ela.
- O aire libre e o exercicio poñían de bo humor á protagonista. Opinade acerca da vosa experiencia en relación a isto.
- Recollamos a maneira en que aparece descrita a paisaxe desas montañas.
- «Casas habitadas en grupos de dúas ou tres como se quixesen darse amparo entre tanta soidade». Creemos algunha outra personificación de casas.
- Di que os versos de Uxío Novoneyra parecían conter as palabras exactas para describir os sentimentos provocados por esa paisaxe do Cebreiro. Leamos os seus poemas e opinemos sobre os versos que se recollen no texto.
- «Isto do Camiño éche coma un río: poderá ir máis ou menos cheo, segundo a época, pero a auga sempre corre pola súa canle». Pensem con que máis poderíamos comparar o Camiño.
- «¿Sabías que o que vemos delas –das estrelas– non é máis que a súa vella fotografía? O que vemos quizás corresponda a estrelas que xa non existen.» Expliquemos a razón do título deste relato e a relación entre esta frase e o tema do conto.
- A protagonista explica como ten a sensación de que se atopaban os dous sos no mundo. Lembrade se algunha vez sentistes o mesmo.
- Describide as vosas sensacións cando de noite observades o ceo sen nada que vos interfira.
- A nai de Daniel opina que cada persoa ten predestinado o seu sitio para reunirse coa terra. Opinade ao respecto.
- «O ceo das noites do Cebreiro, esa colcha inmensa que se enche de estrelas e nos protexe a todos». Expliquemos esta frase; pensem no ceo como algo protector, ou no ceo como algo que se nos cae encima... Frases que teñan que ver co ceo.
- Este é un relato de aparecidos, de mortos que se lles aparecen aos vivos. Recollamos algunha desas historias que forman parte da nosa tradición oral.

6

«AS SOMBRAS DO FARO»


- Leamos detidamente a cita de Lorenzo Varela e lembremos que el tivo que vivir exiliado a raíz da Guerra Civil.
- Revisemos en que persoa está contado este relato e que sucede nos outros recollidos neste libro.
- Poñémoslle título a cada un dos capítulos desta narración.
- Hai lugares que parecen prestarse a que neles suceda algo terrorífico, coma a torre dos corvos ou o faro vello. ¿Sabes dalgún lugar maldito no que situar unha novela de misterio?
- Localicemos as coordenadas espazo-temporais deste relato.
- A prohibición e o medo poden agachar a culpabilidade que senten todos os veciños ante un lugar no que sucederon cousas das que non queren falar, que non queren

recordar... temas tabú coma todo o que tiña que ver coa Guerra Civil. Relacionade este relato con outros que traten a mesma época.

- Contestemos: ¿Cales son as afeccións dos pais do protagonista? ¿Que curso estuda Marta? ¿De onde vén e cara a onde vai –cando deixa esta vila– a familia do protagonista?
- Aparicións. Estrañas presenza. Enigmáticas figuras. «Vistos de preto semellaban esculturas de fume, ou dun compacto aire negro». ¿Que pensamos ao respecto? Lembremos que deste autor é tamén unha novela de misterio titulada *Aire negro*.
- O que sucede despois da visita ao faro: anónimo, reacción da nai de Marta, a agresión que sofre el, a percepción de estar controlado sempre e de que se lle fai o baleiro... talvez se entenda porque «algúns dos implicados nas mortes aínda vivían e ocupaban cargos de responsabilidade». Pero os mortos, despois dunha lousa de esquecemento que aparta o lugar no que os tiraran da vida, terán que pasar por outra máis, a conversión nun lugar turístico e de residencia no que non se fala deles. Falemos de todo isto. Intercambiemos opinións sobre a necesidade de lembrar ou esquecer eses feitos.
- Tentemos explicar as frases seguintes: «As cousas que se deixan inacabadas permanecen vivas na memoria»; «Os mortos teñen toda a eternidade para agardar»; «Só agora empezamos a saber o inmenso baleiro que neste país deixou a guerra, coas mellores persoas daquela xeración asasinadas ou reducidas ao silencio»; «As fantasmas desapareceran en Galicia coa chegada da luz eléctrica».
- Pode ser o momento máis oportuno para ler outras novelas deste autor e deste xénero como a citada *Aire negro*, *Cartas de inverno*, *Noite de voraces sombras*...
- Aparece no texto a referencia a *La metamorfosis* de Franz Kafka. Indaguemos sobre que trata e animémonos a ler esta novela.
- Pensemos noutros textos que tamén tratan sobre a reconstrución dese pasado como *Caderno de Riparía* de Xosé Antonio Perozo, *A lingua das bolboretas* e *O lapis do carpinteiro* de Manolo Rivas, *Tempo rachado* de Margot Chamorro...
- Indaguemos a razón pola que aparece citado Lovecraft neste relato.

DEPOIS DA LECTURA:

- ¿En que se parecen os títulos dos relatos? ¿Como é que os constrúe? ¿Cambiarías algún deles?
- «Estremecinme ao pensar que eran as mesmas estrelas que, cinco mil anos antes, ollaran aos homes que construíran aquelas mámoas». Esta frase extraída do primeiro dos relatos pode relacionarse con outra das narracións. Digamos cal e como se poden relacionar.
- Pensemos noutros temas que poden formar parte de relatos de misterio.
- Busquemos relatos de aparecidos.
- Lembremos películas de terror, comentémolas entre todos e analicemos en que se basean para asustarnos. Por equipos, podemos realizar unha aproximación a un guiión de cine de terror.

**Pedidos a:**

Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 350-2005